

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e dous de abril de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce horas deuse

inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de abril de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María Romay Fernández

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 15 de xaneiro de 2025 (RE núm. 59), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA ROMAY FERNÁNDEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BAGARELAS, PARROQUIA DE VILELA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA RÚSTICA
LUGAR	BAGARELAS
PARROQUIA	VILELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFª. CATASTRAL DA PARCELA	36047A012001560000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	NON
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.665,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/04/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (33,30 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— José Lamazares García

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 5 de marzo de 2025 (RE-E núm. 182), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ LAMAZARES GARCÍA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DA GAIOLA, PARROQUA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	JAVIER LUÍS GARCÍA WUHLER
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA EN DÚAS PARCELAS CONTIGUAS
LUGAR	A GAIOLA

PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 2 (BLOQUE ABERTO)
RFª. CATASTRAL DAS PARCELAS	36047A094000160000PK 36047A094002880000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, visado colexial núm. [REDACTED], do 24/02/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	11.376,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 11/04/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, mediante Resolución de data 20/01/25 (expediente núm. [REDACTED]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (227,52 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 28 de marzo de 2025 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (DOG núm. 71, do 11/04/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para financiar obras de mellora no depósito de auga de Gurgullóns, para minimizar as perdas de auga, consistentes en: limpeza e posterior impermeabilización; substitución de canles e colocación de novos elementos electromecánicos; e implantación dun sistema de telexestión.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a Augas de Galicia unha subvención por importe de CORENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (44.994,04 €) para o financiamento da actuación denominada “*Mellora do depósito de abastecemento de Gurgullóns (Rodeiro)*”.

Segundo.- Aprobar o anteproxecto técnico da actuación a desenvolver redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, en data abril de 2025, cun orzamento total por importe de CINCUENTA E CATRO MIL CATROCIENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (54.442,79 €), IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

Cuarto.- Financiar o custo da actuación obxecto de subvención que non resulte financiado por Augas de Galicia para a súa completa realización.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o concelleiro Sr. Lamazares Casero auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nela a causa de abstención establecida no artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2024

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2024.

2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 249, correspondente ao día 26 de decembro de 2024.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Virxe da Ascensión	03/01/25	E – 3
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Festa popular San Xoán	07/01/25	E – 6
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión Costa da Morte	31/01/25	E – 70
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión Ponte da Lima e Bom Jesús	31/01/25	E – 70
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Magosto	31/01/25	E – 70
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Cine no Nadal	29/01/25	E – 61
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Pilates	18/02/25	E – 135
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Musicoterapia	18/02/25	E – 136
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	III Rodeiría de outono	03/02/25	E – 79
ASOCIACIÓN CABALEIROS DO FARO	████████	Ruta Camiño de Santiago	31/01/25	E – 68
ASOCIACIÓN CABALEIROS DO FARO	████████	Ruta e carreiras	03/02/25	E – 76
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Camiño de Inverno e Fisterra	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sendeirismo-Balneario	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Magosto	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita cultural Tui-Ponte da Lima	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita cultural Vila do Conde-Povoa	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sardiñada	01/02/25	E – 71
ASOCIACIÓN CAMBA SUSTENTABLE	████████	Festa da Fartura	20/01/25	E – 42
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	████████	Festa das Xeracións	03/02/25	E – 77

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriúselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, de conformidade co informe-proposta emitido pola concelleira-delegada de Cultura Dona Xulía Dacal Juiz en data 22/04/25, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes,

adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2024 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Virxe da Ascensión	3.121,80 €	900,00 €
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Festa popular San Xoán	2.366,50 €	1.100,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión Costa da Morte	1.722,00 €	800,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión Ponte da Lima e Bom Jesús	2.368,00 €	1.000,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Magosto	400,00 €	300,00 €
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Cine no Nadal	365,91 €	300,00 €
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Pilates	2.200,00 €	1.000,00 €
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	Musicoterapia	1.597,20 €	1.000,00 €
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	████████	III Rodeiría de outono	1.433,79 €	1.433,79 €
ASOCIACIÓN CABALEIROS DO FARO	████████	Ruta Camiño de Santiago	2.782,50 €	1.000,00 €
ASOCIACIÓN CABALEIROS DO FARO	████████	Ruta e carreiras	1.778,70 €	1.422,96 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Carniño de Inverno e Fisterra	3.936,08 €	1.600,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sendeirismo-Balneario	489,60 €	489,60 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Magosto	444,00 €	300,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita cultural Tui-Ponte da Lima	536,00 €	500,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita cultural Vila do Conde-Povoa	640,00 €	500,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sardiñada	543,71 €	300,00 €
ASOCIACIÓN CAMBA SUSTENTABLE	████████	Festa da Fartura	2.500,00 €	2.500,00 €
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	████████	Festa das Xeracións	2.704,28 €	2.704,28 €

Terceiro.- Conceder ás asociacións beneficiarias un prazo de quince días, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acordo, para que presenten ante o Concello, de non telo feito con anterioridade, a documentación xustificativa do gasto efectuado na actividade subvencionada.

Rematado o debate e votación do anterior punto da Orde do día, reincorpórase á sesión o concelleiro Sr. Lamazares Casero.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- JOYERÍA RELOJERÍA DIAMANTE S.L. 560,00 €
Por subministro de agasallo protocolario, s/factura núm. 7.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 14.043,27 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de marzo de 2025, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 6.398,39 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de marzo de 2025, s/recibos.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 37,70 € E 64,78 €
Por taxas de ITV de vehículos municipais, s/facturas núm. 362525FC0000137 e 361325FC0002732.
- JORGE OJEA MATO 85,66 €, 79,56 € E 45,89 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 85,66 €, 79,56 € E 45,89 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- INÉS VENCE LAMAS 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.

- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ALBOR GONZÁLEZ 73,44 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 73,44 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- PREVISONOR S.L. 12,00 €
Por recoñecemento médico de traballadora municipal, s/factura núm. P25/03/1821 (FACe).
- FRANCISCO JAVIER ALMÓN CERDEIRA 1.116,33 €
Honorarios por representación procesual do Concello en procedemento ordinario núm. 150/2024 ante o Xulgado do Social núm. 4 de Pontevedra, s/minuta núm. 2025/76.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 4.484,75 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de marzo de 2025, s/factura núm. A/41 (FACe).
- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 487,33 €
Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello, s/factura núm. A/15.
- ODAIKO KREA S.L. 2.916,10 €
Por instalación de carpa e actuación musical no Entroido 2025, s/factura núm. 2025/68 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 2.407,72 €
Por subministro de zahorra e grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000215 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- O RODO, S. COOP. GALEGA 139,00 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. FA – 719.
- PRIMO LALÍN S.L. 1.331,21 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2025-03/00000155.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas vinte e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)